



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Anuncio contratación auxiliar de axuda no fogar, grupo V, dentro do marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022

ANUNCIO

Con data 07/01/2025 e número 3/2025 ditouse Resolución da Alcaldía, cuxo contido é o seguinte:

Por Resolución de Alcaldía número 675/2022, de data 30 de decembro de 2022, adoptouse, entre outros, o acordo de aprobar as bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP de 31/05/22 núm. 102, da provincia da Coruña e D.O.G. 31/05/2022 co núm. 103).

Por Resolución de Alcaldía número 6/2023, de data 17 de xaneiro de 2023, adoptáronse, entre outros, os acordos de aprobar as correccións efectuadas nas bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro e convocar o proceso selectivo, para a selección e contratación, como persoal laboral fixo das prazas ofertadas.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a *“Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas”*.

Con data 12 de decembro de 2024 reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, grupo V, nomeado por Resolución da Alcaldía núm. 636/2024 do 11/12/2024, propoñendo á Alcaldía para a obtención de praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, persoal laboral fixo Grupo V, por ser as persoas que superaron o proceso de selección con maior puntuación, ás seguintes aspirantes: VIGO TRILLO, MARÍA LUISA, con DNI ***662*** e DÍAZ PUENTES, SANDRA, con DNI ***066***

A acta do tribunal foi publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro en data 12/12/2024 a efectos da presentación de alegacións ou reclamacións sen que durante o período de cinco (5) días outorgado fose presentada algunha, tal e como se desprende do dilixencia que consta no expediente.

Por Resolución da Alcaldía núm. 659/2024 do 20/12/2024 acordouse, entre outros, aprobar a proposta do Tribunal cualificador en canto á obtención de praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, persoal laboral fixo Grupo V, por María Luisa Vigo Trillo, con DNI ***662***, e Sandra Díaz Puentes, con DNI ***066***, por ser as persoas que superaron o proceso de selección con maior puntuación, así como notificar a Resolución ás interesadas requiríndolles para a presentación no prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello da resolución, da documentación orixinal (ou copia compulsada) que na mesma se indicaba.

Publicada a Resolución antedita no taboleiro de anuncios da sede electrónica o día 20/12/2024 e notificada ás interesadas, con data 30/12/2024 e núm. de Rexistro de Entrada 20240000002383, preséntase a documentación requirida de xeito completo e correcto, por María Luisa Vigo Trillo.

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía 635/2024 do 11/12/2024 de aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento de estabilización de emprego temporal, de conformidade co exposto e no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ao abeiro do recollido na base 11 das que regulan o procedemento, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Contratar como AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, persoal laboral fixo Grupo V, a VIGO TRILLO, MARÍA LUISA, con DNI ***662*** por ser unha das persoas que superou o proceso de selección.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución á interesada citándoa para a formalización do preceptivo contrato no prazo de 15 días desde a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia ao abeiro do disposto na base 11 das xerais que regulan o proceso.

TERCEIRO.- Publicar un anuncio da presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

CUARTO.- Que se de conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este realice.

O que se publica aos efectos oportunos facendo constar que contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Dodro, 7 de xaneiro de 2025

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

2025/74